

	IES MARÍA CASARES Departamento de Debuxo			2024-2025
	MATERIA	TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS		
	CURSO	2º BACHARELATO	HORAS SEMANAIS	2

### BREVE DESCRICIÓN DA MATERIA

A materia pretende achegar o alumnado aos recursos, as técnicas, os procedementos e as aplicacións instrumentais que fan posible a produción artística en xeral e as producións plásticas, gráficas e visuais en particular.

### CONTIDOS

- "**Aspectos xerais**", repaso das distintas manifestacións artísticas no tempo, sobre as linguaxes artísticas, a súa evolución, materiais, conservación, sustentabilidade, inclusión e traballo en equipo.
- "**Técnicas de debuxo**", técnicas e conceptos que permiten a exploración e creación con esta forma de expresión.
- "**Técnicas de pintura**" comprende os procedementos e operacións vinculadas á cor e as súas manifestacións plásticas.
- "**Técnicas de gravado e estampaxe**", recolle as diversas metodoloxías que se deben experimentar para o dominio e comprensión dos diferentes medios de estampaxe.
- "**Técnicas mixtas e alternativas**", incorpora as técnicas e medios de expresión máis innovadores, como os dixitais.

### METODOLOXÍA

Ao ser unha materia práctica a adquisición das competencias por parte do alumno faranse a través de traballos prácticos, traballos de investigación, exposicións.

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas ou orais :	0 %
Outros instrumentos de avaliación.	
- <b>Participación activa en clase: 10%</b> . Actitude correcta en clase, demostrar interese pola materia, asistir con normalidade e participar ñas actividades.	10%
- <b>Traballo de aula: 80% :→ Traballos prácticos: 40%</b> , realizar correctamente as actividades prácticas, asimilando os contidos, aplicando correctamente as técnicas e procedementos e ofrecendo respostas creativas e orixinais. <b>Traballos escritos: 40%</b> , realizar as actividades e proxectos escritos usando a terminoloxía propia da materia, unha redacción coherente e unha boa presentación. As faltas de ortografía penalizarán -0,05/10 na nota do traballo.	80%
- <b>Exposición oral: 10%</b> . Preparar a exposición oral, expresarse correctamente e con coherencia, usar tecnoloxía apropiada de materia.	10%
<b>TOTAL AVALIACIÓN</b>	100%
<b>NOTA MEDIA AVALIACIÓN ORDINARIA</b> Será a <b>media aritmética das tres avaliacións trimestrais</b> obtidas. A media acharase coas notas decimais reais non co redondeo por avaliación.	
<b>AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA</b> O alumno deberá <b>recuperar as partes non superadas de cada un dos bloques</b> de contidos.	

### VINCULACIÓN CON ESTUDOS POSTERIORES

- Calquera dos Ciclos Formativos de Grao Superior da familia de Artes Plásticas e Deseño, e Artesanías. Visitar [www.todofp.es](http://www.todofp.es)
- Estudos do Grao da Facultades de Belas Artes
  - Grao en Conservación e Restauración del Patrimonio Cultural
  - Grado en Artes Escénicas e Interpretación Audiovisual
  - Grao en Artes Visuais e Danza
  - Grao en Cine e Ficción Audiovisual
  - Grao en Fotografía e Creación Audiovisual